

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 08/04/2024**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
SONIA OUTÓN CASAL  
PAOLA MARIA MOCHALES  
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 08/04/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .  
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01-abr-2024, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2024/1144**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa, na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 4 de maio de 2024, de 9:00 a 15:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2024/1156**

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades, S.L. en relación ás queixas dos veciños da Comunidade de Propietarios Celso Emilio Ferreiro 7 Escaleira 1, por malos olores que proveñen do 4º andar.

Dáse conta do informe da Policía Local, sinalando que realizada inspección en concreto no 4º andar letra B contactando co ocupante ao abrir a vivenda, non se observan ningún tipo de olores fora do normal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/1158**

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por FEUGA (Fundación Empresa Universidad Gallega), para a realización de probas de control de drogas en controles de tráfico e sinistros, por un importe total de 1.542,75€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/1159**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Parkinson Provincia de Pontevedra, solicitando autorización para instalación dunha mesa informativa e de cuestación na Praza de Galicia o día 6 de abril de 2024, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/1160**

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Galega de Linfedema, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa informativa con mesas e cadeiras na Praza de Galicia, con motivo do 20 aniversario, o 2, 9, 6 ou 13 de xullo de 2024 de 11:00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Acórdase ase mesmo autorizar a colaboración por parte do departamento de obras coa colocación de carpa e paneis informativos, e do departamento de comunicación para o deseño e impresión das imaxes e textos.

#### **PRP2024/1167**

Visto o escrito de D. Baltasar Santiago Ozores Leyun solicitando a situación dunha praza de

aparcamento para persoas con dicapacidade na rúa Illa de Ons, e visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento na marxe dereita da vía fronte ao inmovible número nove, por tratarse do primeiro estacionamento da fila, o que evita que sexa invadida polos estacionamentos contiguos. Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

#### **PRP2024/1196**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana María Cajaraville Riveiro, solicitando o pintado de liña amarela na beirarrúa da súa vivenda na rúa Fontecarmona nº79, e denunciando o aparcamento de vehículos na beirarrúa co destrozo da mesma.

Dáse conta do informe da Policía Local sinalando que non se observa necesidade de pintado de amarelo na zona solicitada do nº79 da rúa Fontecarmona, posto que xa se imposibilitou o estacionamento na marxe oposta.

Respecto á problemática dos danos na beirarrúa da vivenda, éstos prodúcense no saínte da beirarrúa, o que deberá comunicar a interesada á Policía Local no intre de producirse o aparcamento de vehículos nesa zona para que se actúe nese momento.

#### **PRP2024/1197**

Dáse conta da necesidade de sinalización de dúas prazas reservadas para o estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade na contorna do cemiterio xeral.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de dúas prazas na marxe fronte á entrada do cemiterio, acceso paralelo á Avda de Pontevedra, debendo sinalizarse horizontal e verticalmente, tendo en conta as dimensións mínimas que establece a normativa para este tipo de reservas.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

## **RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2024/1221**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento e adxudicación do contrato menor de subministro de roupa de traballo para os servizos externos do Concello (Mercados, Cemiterios, Vías e Obras, Portería, Casa da Cultura, Xardíns, Electricidade, Feiras e Medio Ambiente) para o ano 2024, á empresa Sobrino G. SA. por un importe total de 18.148,30 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

coa seguinte desagregación:

**NÚMERO DE SERVIZOS CUBERTOS, EFECTIVOS E DISTRIBUCIÓN DO GASTO**

**NÚMERO DE EFECTIVOS**

Departamento de mercados: 4

Departamento de cemiterios: 2

Departamento de Vías e Obras: 17

Departamento de portería: 5

Casa da Cultura: 2

Departamento de Xardíns: 11

Departamento de Medio Ambiente: 10

Alumeado e Auditorio: 11

Feiras: 3

**DISTRIBUCIÓN DO GASTO**

Departamento de mercados: 474,81€, con cargo á partida 4312.22104.  
Departamento de cemiterios: 1.066,02€, con cargo á partida 164.22104.  
Departamento de Vías e Obras: 5.793,71 €, con cargo á partida 1530-22104.  
Departamento de portería: 482,25 €, con cargo á partida 920.22104.  
Cultura : 316,24 €, con cargo á partida 334.22104.  
Departamento de Xardíns: 4.062,21€, con cargo á partida 171.22104.  
Departamento de Medio Ambiente:2.092,46 €, con cargo á partida 170.22104.  
Departamento de Alumeado e Auditorio: 3.449,20 € con cargo á partida 165-22104  
Ferias: 411,40 € con cargo á partida 4311-22104

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2024/1268**

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Mister Misto Producción e Servizos, para instalación de pantalla dixital para visibilización do videoclip para a conmemoración do Día do Pobo Xitano (8 de abril), por un importe total de 484,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EMPREGO**

#### **PRP2024/1254**

En sesión de data 20 de novembro de 2023, acordouse pola Xunta de Goberno Local poñer en marcha a campaña de Bonos Son da Casa 2023, cun orzamento total de 47.334,75€, IVE incluído. Para o desenvolvemento da iniciativa, asinouse un convenio de colaboración coa Entidade Colaboradora “Asociación de comerciantes Centro Comercial Aberto, Zona Aberta”.

O prazo de duración do convenio estendeuse dende o día da aprobación da súa sinatura pola XGL, ata o 16 de marzo de 2024 (data final para presentación da documentación xustificativa por parte de Zona Aberta) .

O 20 de febreiro de 2024, en cumprimento do convenio asinado entre as partes, a entidade colaboradora presentou en tempo e forma xustificación final da iniciativa BONOS SON DA CASA 2023, aportando:

- Memoria final da actividade
- Extracto bancario acreditativo dos ingresos derivados da venda de bonos e das transferencias realizadas aos establecementos participantes, resultando un remanente a reintegrar de 1.575,00 Euros.

A xustificación presentada foi obxecto de revisión e informe polo departamento de Promoción Económica e fiscalizada polo departamento de intervención,

O 2 de marzo de 2024, a entidade Zona Aberta acreditou o ingreso ao Concello da cantidade obxecto de reintegro (1.575,00 Euros), quedando unida ao expediente a documentación

acreditativa de dito ingreso.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda ter por debidamente xustificado o cumprimento do obxecto do convenio por parte da entidade colaboradora, e por reintegrado ao Concello o remanente de 1.575,00 €.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

#### PRP2024/1209

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o establecemento dos prezos públicos para a venda das entradas dos Concertos da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás que terán lugar, catro deles no Auditorio Municipal (os días 24, 26, 27 e 28 de xuño) e un no Pazo de A Golpelleira (o día 25 de xuño), de 5 €, máis gastos de xestión, poñéndose á venda 2.530 localidades a través da plataforma Ataquilla a partir do día 22 de abril de 2024.

- Ingresos e gastos previstos

DATA	LOCALIZACION	AFORO	Nº DE ENTRADAS Á VENDA	IMPORTE DE CADA ENTRADA	INGRESOS ESTIMADOS	TOTAIS
24/06/2024	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	570	5,00 €	2.850,00 €	
25/06/2024	Pazo da Golpelleira	300 localidades	250	5,00 €	1.250,00 €	
26/06/2024	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	570	5,00 €	2.850,00 €	
27/06/2024	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	570	5,00 €	2.850,00 €	
28/06/2024	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	570	5,00 €	2.850,00 €	
TOTAIS		3316	2530	5,00 €	12.650,00 €	

Ingresos: En base á venda das entradas anteriormente sinaladas estimanse uns ingresos totais de 12.650,00 €

Gastos: Non se prevén gastos para estes concertos.

#### PRP2024/1210

Con data de 12/02/2024 a XGL aprobou o Proxecto da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás, quedando pendente de presentar o orzamento estimativo de gastos do mesmo. Compre pois, proceder a presentación do Orzamento de gastos desta edición que se divide en dous propostas e proxectos diferenciados.

1. Por un lado o Orzamento clasclás Concello 2024, con código de proxecto 2024-3-CRRTE-5-1 e que se financiará con recursos propios do Concello de Vilagarcía de Arousa, o Contrato de Patrocinio con D. Ramiro Carregal e a venda de entradas.
2. Por outra banda, e en proposta diferenciada, con Código de Expediente CONSER/2024/000017 figura o Orzamento clasclás 2024, pendente de código de proxecto, e que desenvolve a subvención xa concedida pola Deputación Provincial para esta VII edición no marco do Plan + Provincia 2024 e que se financia coa subvención obtida, e unha aportación municipal.

Concepto	Código	Importe	Financiación	Porcentaxes
Orzamento clasclás 2024 CONCELLO RRPP	Proxecto 2024-3-CRRTE-5-1		42.462,00 € RRPP	69,48 %

		61.112,00 €	12.650,00 € Estimación ingresos Venda de entradas Ataquilla	20,70 %
			6.000,00 € Contrato de patrocinio Ramiro Carregal	9,82 %
Concepto	Código	Importe	Financiación	Porcentaxes
Orzamento clasclás POS 2024 DEPO	Pte. Código proxecto	30.888,00 €	30.000,00 € Plan + Provincia 2024	97,04 %
			888,00 € RRPP	2,96 %
TOTAL		92.000,00 €		

Na actualidade no Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1 tense adxudicado gastos polo importe total de 19.114,58 € tal e como segue:

- PRP2024/0383 Proposta de gasto mantemento RRSS clasclas : 1.984,00 €
- PRP2024/0384 Proposta de gasto servizo de comunicación clasclás: 5.445,00 €
- PRP2024/0387 Proposta de gasto cobertura fotográfica e audiovisual clasclas: 4.961,00 €
- PRP2024/0385 Proposta de gasto aluguer piano de cola festival clasclas : 6.724,58

Na actualidade no Proxecto pendente de código POS non se ten adxudicado gasto algún. No expediente figura documento co desenvolvemento pormenorizado do Proxecto de orzamento clasclás Concello 2024, con código de proxecto 2024-3-CRRTE-5-1 e polo importe de 61.112,00 € así coma o desenvolvemento do Proxecto clasclás 2024 pendente de código POS polo importe de 30.888,00 €.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto de orzamento de gastos clasclás Concello 2024 para a realización da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024, financiado con recursos propios, o Contrato de Patrocinio con D. Ramiro Carregal e venda de entradas, polo importe total de 61.112,00 € e con código 2024-3-CRRTE-5-1.

### PRP2024/1211

Este Concello ten solicitado subvención á Deputación Provincial ao abeiro das Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2024, que foi concedida por Acordo da Xunta de Goberno da Deputación con data 18/03/2024, dándose conta a XGL na sesión do 01/04/2024. O importe do proxecto remitido á Deputación ascende a 30.000,00 € e o importe concedido ascende a 30.000,00 €.

Compre desenvolver o orzamento de gastos do festival para esta edición, neste caso con cargo ao Plan + Provincia 2024, pendente da asignación de código.

Resulta preciso é necesario modificar o importe do orzamento do dito proxecto, pasando da cantidade inicialmente prevista de 30.000,00 € a 30.888,00 €, financiándose esta diferenza de gastos con aportación de RRPP do orzamento do Conservatorio Profesional de Música para o exercicio 2024.

Prog./Econ	Descrición	Concepto	Importe
2023 3261 22609	Actividades culturais e deportivas	Cachés artistas	30.888,00€
TOTAL			30.888,00€

A financiación do orzamento do proxecto POS será a seguinte:

Concepto	Pte cod. POS	Importe	Porcentaxe
De outras entidades locais	Plan + Provincia 2024	30.000,00 €	97,04%
Recursos Propios	RRPP	888,00 €	2,96 %
TOTAL		30.888,00 €	100%

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de gastos para a realización do Proxecto “Gastos derivados da celebración do VII Festival Internacional de Música clasclás 2024” por un importe total de 30.888,00 € pendente de asignación de código POS e financiado con cargo ao Plan + Provincia 2024 e con recursos propios segundo se especifica no informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música.

#### **PRP2024/1229**

Dáse conta da sinatura do contrato de patrocinio subscrito polo Concello de Vilagarcía e D. Ramiro Carregal Rey para a VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024, tendo ingresado xa o Sr. Carregal o importe correspondente ao patrocinio – 6.000,00 € - na conta bancaria que o Concello ten na entidade Abanca.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2024/1269**

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de febreiro de 2024, acordou aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade DALLE QUE DALLE SCG - CIF- F-94096021, para o proxecto Esclimatic “ Ferramentas para a planificación dos impactos do cambio climático nas zonas costeiras”. , cunha aportación municipal de 2.000 €, con cargo á partida 1720.489.

Dáse conta a Xunta de Goberno que na data 12 de febreiro no 2024 foi asinado o citado convenio de colaboración entre o Excmo Concello de Vilagarcía de Arousa e a entidade “ Dalle que Dalle SCG” polo Proxecto Esclimatic “ Ferramentas para a Planificación dos impactos do cambio climático nas zonas costeiras”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **TURISMO**

#### **PRP2024/1243**

Dáse conta de publicación pola Axencia de Turismo de Galicia de Resolución do 4 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención ao abeiro da citada convocatoria por un importe de 4.000 € con destino á compra de ameixa para a Festa da Ameixa de Carril..
- Aceptar a contribución de ABANCA, por un importe de 1.500 e, mediante a sinatura do correspondente convenio.
- Comprometerse ao financiamento por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa do importe non cuberto pola subvención.

A aportación do Concello para a Festa da Ameixa de Carril será de 10.500 €, desagregada do seguinte xeito:

- 5.000 € correspondentes a subvención nominativa á Confraría de Pescadores Santiago Apostol.
- 4.000 € para a compra de ameixa.

- 1.500 € para promoción e publicidade da Festa.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2024/1261**

Dáse conta de que con motivo da xestión por parte do Concello do Parking Xoan XXIII, e sendo necesario formalizar seguro para o mesmo, procedeuse a solicitar orzamento a Mutua General de Seguros, comunicando esta con data 02/02/2024, que a prima total ascendería a un total de 1.612,46 €, para o periodo que iría desde o 1 de abril de 2024 ata o día 1 de xaneiro de 2025, procedéndose a incluír este novo seguro na póliza que o Concello ten para todos os edificios, póliza de MGS con nº 32019673.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a formalización do seguro para o Parking Xoan XXIII segundo as condicións anteriormente establecidas e ao posterior pago do importe de 1.612,46 € en concepto de prima do periodo que vai do 1 de abril de 2024 ata o 1 de xaneiro de 2025, unha vez sexa remitida a correspondente factura ao Departamento de Intervención por parte de Mutua General de Seguros, con cargo á partida 134.224.

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2024/1249**

A Deputación de Pontevedra concedeu a subvención solicitada por esta Área dentro do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL - Plan Mais provincia 2024, liña 2, por importe total de 7890,00€ , para a realización desta actividade formativa.

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por KAEMÉ CONSULTORIA Y PREVENCIÓN S.L. , empresa de formación que conta cos profesionais acreditados nas materias a impartir e cos recursos e materiais necesarios, por un importe total de 7.890,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22610.

É preciso contar cun prazo amplo debido aos trámites administrativos que hai que realizar coa Xunta para solicitar a autorización para impartir os módulos e a mecanización de toda a información na aplicación informática SIFO.

O curso de Competencias Chave Nivel 2 ten unha duración total de 176 horas que se reparten do seguinte xeito: 120 horas de competencia matemática, 25 horas de competencia en lingua galega e 31 horas de formación transversal. Toda a formación se impartirá con carácter presencial a partir do 16 de setembro de 2024.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/1252**

A Deputación de Pontevedra concedeu a subvención solicitada para a realización da actividade "realización dunha semana de actividades coa finalidade de visibilizar o papel das mulleres na creación da cultura, Semana de Muller e Cultura" dentro do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal – Plan +Provincia 2024, dentro da liña 2: gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello (Expte. 2024016002) por importe total de 5.356.5,00€. (ive incluído).

A área de igualdade - CIM da conta desta resolución da Deputación, nesta mesma Xunta de Goberno.

Esta acción enmárcase dentro do IV Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía, na área 2 de cidadanía activa das mulleres e apoderamento, que ten coma obxectivo xeral: “ visibilizar e favorecer a participación activa das mulleres nos distintos eidos ” favorecendo a Promoción de estratexias que visibilicen a mulleres en ámbitos culturais e deportivos e rachen cos estereotipos de xénero que sirvan de referentes”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, con cargo á partida 2312.22615, para a execución da Semana de actividades sobre o papel das mulleres na cultura, que este ano se vai adicar á música:

- GUADALUPE CRIBEIRO GALEGO	-76414373R Buceleiras 21ª, Bugallido 15895 Ames - A Coruña	participación no faladoiro sobre a situación da muller no ámbito musical	-200,00
-CRISTINA LÓPEZ LÓPEZ	-35456878D Costa Candamo 3, 3ºB 36600 Vilagarcía de Arousa - Pontevedra	participación no faladoiro sobre a situación da muller no ámbito musical	200,00
-PATRICIA HERMIDA LAGO	-36138287C Avda. Florida 35, 5ºB 36210 Vigo - Pontevedra	participación no faladoiro sobre a situación da muller no ámbito musical	200,00
-PATRICIA CASTRO RIVAS	-44830766V Rúa Fermín Bouza Brey 12, 1ºC 36600 - Vilagarcía de Arousa - Pontevedra	participación no faladoiro sobre a situación da muller no ámbito musical	200,00
-TERESA TRESANDÍ DEL PRADO	-36099692L O Cruceiro 10, 36156- Lárez - Pontevedra	participación no faladoiro sobre a situación da muller no ámbito musical	200,00
-Mª TERESA CUÍÑAS LAVANDEIRA	-44079210D Camino de ferro 4, 6ºB 36003 - Pontevedra	participación no faladoiro sobre a situación da muller no ámbito musical	200,00
-VICTORIA LONGA SAYANS	-35484702A Rúa A Florida 6, 3ºF 36600- Vilagarcía de Arousa - Pontevedra	Obradoiro de Iniciación á música electrónica	350,00
-URDIME, S. COOP. GALEGA	F70353982 Avda. de Lugo 2ª, baixo esq. 15702 - Santiago de Compostela	-Concerto de Xatuxa Salom. Loop Station	1.089,00
-XONIX RECORDS S.L.	B94050762 Rúa Ramón de Valenzuela 12, 4ºB A Bandeira 36570 - Silleda- Pontevedra	Actuación de Pauliña en acústico	605,00
-CRISTINA LÓPEZ LÓPEZ	35456878D Costa Candamo 3, 3ºB 36600 Vilagarcía de Arousa - Pontevedra	Sesión de DJ	250,00
-CARLOS CRESPO GÓMEZ	-15373039T Praza de Ravella 13, 1ºC 36600 - Vilagarcía de Arousa - Pontevedra	-Coordinación actividades Semana Muller e Cultura	726,00
TOTAL			4.222,00

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

### **PRP2024/1255**

O Consello Local das Persoas Maiores propuxo, na reunión mensual con representantes do Concello, a organización dunha excursión a Lisboa. Dada a política de envellecemento activo desenvolta por esta Área, propónse a contratación do aluguer dun autobús e dos gastos dun/ha guía-acompañante á empresa organizadora da excursión.

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VIAXES CARBALLO GALICIA (MARIA CALVO CASANOVA NIF 47350728F) para o Servizo de aluguer dun autobús con capacidade para 55 prazas e os gastos correspondentes da persoa guía-acompañante dende o día 26 o día 30 de abril de 2024, por un importe total de (4.750,00 € iva incluído) con cargo á partida 2313.22610.

#### **OBSERVACIÓNS:**

- Os requisitos que deberán cumprir os viaxeiros serán os seguintes:

Estar empadroadado neste Concello.

Ter 65 anos cumpridos na data da excursión.

- Si a/o solicitante vai con un/unha acompañante, é preciso que éste/a reúna os mesmos requisitos de idade e de empadramento.

- Abrirase un prazo de inscrición presencial na Área de Persoas Maiores na planta baixa que será do 9 de abril ao 12 de abril (ámbolos dous incluídos) ou ben ata completar as prazas, en horario de 9:00 a 13:00 horas.

- Quedan reservadas as 3 primeiras filas do autobús para o Consello Local de Persoas Maiores, ao seren as persoas responsables da organización do grupo.

- So se poderá presentar una solicitude por persoa (solicitante e acompañante) en concepto de reserva.

- No caso de haber máis solicitudes que prazas, realizarase un sorteo público nesta Área a través do xerador de sorteos "augeweb.com/azar" o día 15 de abril e comunicarse o resultado soamente as persoas que salgan beneficiadas. Estas terán que facer o correspondente pago e traer o xustificante a esta Área, teñen ata o 17 de abril de prazo para facelo, en caso contrario, será baixa automática e acudirase a lista de reserva pola orde do sorteo realizado para a súa substitución.

- Con todas as persoas que non resultasen beneficiarias formarase dunha lista de agarda no mesmo orde correspondente ao do resultado do sorteo.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/1171**

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial en relación á subvención solicitada ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal – Plan +Provincia 2024, liña 2: gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello (Expte. 2024016002) para a realización do dun Programa para fomentar a igualdade de xénero.

Concedeuse unha subvención á Área de Igualdade – CIM de 13.246,50€ para a realización do programa mencionado cun custe total de 13.246,50€ e que consta das seguintes actividades:

- Un curso de formación en competencias clave Nivel 2 dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situacións de vulnerabilidade: 7.890,00€ (ive exento)

- Semana de actividades en torno ao papel e a presenza das mulleres na creación cultural: 5.356.5,00€ (ive incluído)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## CONTRATACIÓN

### PRP2024/1124

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o 29 de febreiro de 2024 adoptou, entre outros, os acordos de, resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza Xoán XXIII, adxudicado a Promociones Inmobiliarias do Pisuerga, S.A. (PROINSA) polo Pleno da Corporación o 24 de xullo de 2022, así como a reversión das instalacións e servizos.

A reversión está prevista que se realice o día 25 de marzo de 2024.

Nas instalacións do Parking faise necesaria unha limpeza especial das dúas entradas de acceso ao público dende o nivel de rúa ata a pranta -2, e a rampa de acceso de vehículos dende a rúa á entrada do Parking cos seus muros laterais correspondentes. (Non se limparía a pranta -3 por estar inundada actualmente).

Vista a necesidade de realizar dita limpeza especial; solicitouse orzamento á mercantil CLECE, S.A., que presentou a seguinte oferta:

Concepto	Prezo
